# OFERTAS DE EMPREGO PRIVADO

## CAMAREIRA

**Localidade**: Curtis

**Requisitos**: Experiencia en comedor, maior de 23 anos, don de xentes e responsable. Incorporación inmediata

**Link**:http://www.milanuncios.com/cocineros-y-camareros/se-necesita-camarera-142235795.htm

## XESTOR ENERXÉTICO

**Localidade**: Palas de Rei

**Requisitos**: EGB ou ESO, experiencia 1-3 anos, carné de conducir e vehículo propio, Valorable experiencia no sector da enerxía.

Descrición: xornada completa. Contrato como freelance.

**Link**:http://www.laboris.net/OfertaVisualizar.aspx?id=2003272&origenvisita=233&xtor=CS1-233&utm_source=added&utm_medium=indeed&utm_campaign=ppc

## AXUDANTE DE COCIÑA

**Localidade**: Betanzos

**Descrición**: Búscase axudante de cociña eventual.

**Contacto**: Chamar de mércores a luns desde as 10.00 ás 12.00 horas ó 699084828 ou ó 671581122.

**Link**:http://www.milanuncios.com/cocineros-y-camareros/se-necesita-ayudante-de-cocina-eventual-143118368.htm

## ENXEÑEIRO AGRÍCOLA

**Localidade**: Curtis

**Requisitos**: experiencia mínima 1 ano.

**Link**:http://www.infojobs.net/curtis/ingeniero-agricola/of-ie6e982edb349a7a64afdc9cbda5d28

## COSTUREIRAS/OS

**Localidade**: Ponteledesma

**Descrición**: Taller de costura de Ponteledesma busca persoal para traballar por produción como socio7a.

**Requisitos**: Ganas de traballar, responsabilidade e seriedade. Incorporación inmediata.

**Contacto**: Chamar ó teléfono 677372601 (Olga) ou ó 695143398 (Judith)

**Link**:http://www.milanuncios.com/otras-empleo/costurer-s-142579289.htm

## COCIÑEIRA/O

**Localidade**: Betanzos

**Requisitos**: Experiencia de 1 a 3 anos. Vehículo propio.

**Descrición**: Contrato indefinido a xornada completa. Cociñeiro/a para cervexería con experiencia en tapas, pinchos e plancha.

**Link**:http://www.laboris.net/oferta-de-trabajo-cocinerao-en-coruna-a_543162F24DDC2F9F.htm

## SEÑORA CUIDADO DE PERSOA MAIOR E CASA

**Localidade**: Vila de Cruces

**Descrición**: Búscase señora para coidado de casa, de persoa maior e mantemento da horta.

**Contacto**: Chamar ó 616006307

**Link**:http://www.milanuncios.com/servicio-domestico/senora-para-el-hogar-141406961.htm

## CAMAREIRA

**Localidade**: Lalín

**Requisitos**: Seria, responsable, con coche e dispoñibilidade horaria.

**Contacto**: Chamar ó 616006307

**Link**:http://www.milanuncios.com/cocineros-y-camareros/camarera-137338646.htm

## TÉCNICO INFORMÁTICO

**Localidade**: Boimorto

**Descrición**: Búscase chico informático para reparar ordenadores, liberar móbiles e estar de dependente dunha tenda.

**Requisitos**: Actitude comercial

**Link**: http://vendebien.com.es/empleo/tecnico-informatico-boimorto-8730375

## CAMAREIRA

**Localidade**: Lalín

**Requisitos**: menor de 30 anos.

**Contacto**: chamar ó 986781102

**Link**:http://www.milanuncios.com/otras-empleo/se-necesita-camarera-142273747.htm

## CARRETILLEIRO/A RETRACTIL

**Localidade**: Betanzos

**Requisitos**: Carné de carretilleiro, e carné de manipulador de alimentos

**Link**:https://secure.eurofirms.es/WebEurofirms/ofertas/Detalle.aspx?OWKey=b1587113-3dd1-4e9d-9ebe-b515fd9bf40a&GC=0&idioma=es-ES

## AXUDANTE DE COCIÑA

**Localidade**: Lalín

**Requisitos**: Seria, responsable, con coche e dispoñibilidade horaria.

**Contacto**: Chamar ó 616006307

**Link**:http://www.milanuncios.com/cocineros-y-camareros/ayudante-de-cocina-137338810.htm

## CAMAREIRA

**Localidade**: Ordes

**Requisitos**: menor de 30 anos ou sen experiencia.

**Contacto**: enviar o currículo ó solicitudes201411@gmail.com

**Link**:http://www.milanuncios.com/cocineros-y-camareros/se-necesita-camarera-142907072.htm

## AXUDANTE DE COCIÑA

**Localidade**: Betanzos

**Descrición**: búscase axudante de cociña eventual

**Contacto**:chamar de luns a venres, de 10.00 a 14.00 horas ó 699084828

**Link**:http://www.milanuncios.com/cocineros-y-camareros/se-necesita-ayudante-de-cocina-eventual-143118368.htm

## PROFESOR DE INGLÉS FRANCÉS

**Localidade**: Melide

**Descrición**: horario de 15.00 a 21.00 horas.

**Requisitos**:Licenciado en Tradución e Interpretación

**Link**:http://www.infojobs.net/melide/profesor-ingles-frances/of-id81d0a6405485893a5ab77212e9c08

| CAMAREIRA |
|---|
| **Localidade**: Curtis |
| **Requisitos**: Con experiencia e boa presenza |
| **Contacto**: chamar polas tardes ó 981786312 ou ó 648411304 |
| **Link:**http://www.milanuncios.com/cocineros-y-camareros/bar-tiburon-busca-camarera-138419399.htm |

| LIMPIADORA |
|---|
| Localidade: Betanzos |
| Requisitos: posibilidade de incorporación inmediata, con curso de Prevención de Riscos Laborais de 50 horas. |
| Contacto: mandar email a administracion@grupoapostol.com |
| Link:http://www.milanuncios.com/servicio-domestico/se-busca-limpiadora-curso-de-prevencion-143531555.htm |

# OFERTA DE FORMACIÓN GRATUITA

## FORMACIÓN ONLINE EN MATERIA DE IGUALDADE

**Entidade**: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade

**Descrición**: A formación consta de dous niveis:
**Curso de nivel básico** dirixido a persoas interesadas en materia de igualdade.
**Cursos de nivel avanzado** dirixidos a persoas que xa teñen coñecementos en materia de igualdade e que están vinculadas a:
- Xestión e orientación para o Emprego.
- Servizos Sociais.
- Empresas o outras Entidades.
- Ámbito xurídico.

**Inscrición**: http://escuelavirtualigualdad.es/

| TALLER: COMO ELABORAR UN CURRÍCULO? |
|---|
| Localidade: Santiso |
| Requisitos: Inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia. |
| Data: 19 de Novembro ás 11.00 horas |
| Inscrición: chamando ó 981818501 ou a través do correo cristina.tato@boimorto.es |

Concello de Boimorto Concello de Arzúa Concello de Santiso

# NOTICIAS DE INTERESE

## PROGRAMA CLARA

Desde este mes inicia a súa andaina o **Programa CLARA** ***para mellorar a empregabilidade das mulleres*** no concello de Boimorto. O Clara é unha iniciativa do Instituto da Muller en colaboración cas entidades locais. Nesta convocatoria só dous concellos en Galicia puideron acceder a él (Allaríz e Boimorto).

Este programa vai dirixido a todas as mulleres desempregadas ou en mellora de emprego de Boimorto e comarca, que queiran atopar un traballo, xa sexa por conta propia ou por conta allea, ou mellorar no mesmo, explorando as oportunidades e ocos de emprego da zona; ou a aquelas que queiran mellorar as súas posibilidades de acceder a un.

A duración do programa será ata setembro de 2015, e vai dirixido a un máximo de 30 mulleres.

O Programa Clara baséase en 2 pilares fundamentais: por unha banda Obradoiros de motivación e desenvolvemento persoal; no que se traballarán temas como: habilidades de comunicación e negociación, cómo valorarse mais, cómo atopar os propios obxectivos persoais e poñerse en valor, cómo e ónde buscar información, cómo redactar un CV ou afrontar con éxito unha entrevista de traballo, etc. en definitiva, a desenvolvernos mellor, ademais de pasalo ben.

Estes obradoiros terán unha duración aproximada de 60 horas, e realizaranse 3 días á semana, darán comezo a finais de novembro e os seus horarios estarán adaptados a aqueles que mellor conveñan á maioría das mulleres que participen.

Tras esta fase de motivación e desenvolvemento persoal, e segundo o soliciten as participantes do programa, organizaranse cursos de formación ocupacional, para a organización destes cursos intentarase dar resposta a aquelas demandas que fagan as mulleres que participen e intentaranse adaptar ás necesidades e realidade da zona, explorando aqueles ocos de emprego e abordando a formación necesaria para cubrilos.

Unha vez rematada a formación, desde o programa se fará un acompañamento no proceso de inserción laboral, motivando e apoiando en todo momento ás participantes, buscando canles de acceso a postos de traballo ou titorizando aquelas iniciativas de autoemprego que puideran xurdir.

O **prazo de inscrición rematará** o venres **14 de novembro**, e podedes facelo desde XA MESMO, na Casa do Concello de Boimorto, alí pódense recoller as fichas de inscrición.
O horario de atención é os luns, mércores e xoves.

Para mais información podedes: achegarvos ao concello (estamos na planta baixa), chamado ao teléfono 981 51 60 75 (preguntar por Esperanza), ou ben poñervos en contacto co programa enviando un correo electrónico a programaclara@boimorto.es

Este programa desenvólvese en colaboración co Instituto da Muller e para a igualdade de oportunidades e está cofinanciado polo Fondo Social Europeo a través do Programa Operativo "Loita contra a discriminación 2007-2013".

MINISTERIO DE SANIDAD, SERVICIOS SOCIALES E IGUALDAD
SECRETARÍA DE ESTADO DE SERVICIOS SOCIALES E IGUALDAD
INSTITUTO DE LA MUJER Y PARA LA IGUALDAD DE OPORTUNIDADES
UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
El FSE invierte en tu futuro
CLARA
MUJERES

## III Xornada Informativa BRICOMART Santiago (próxima apertura de centro)

Bricomart é unha empresa especialista no sector da bricolaxe e os materiais de construción . Forma parte de Groupe Adeo, líder no sector da distribución da bricolaxe en España ten previsto abrir un novo centro en Santiago de Compostela
Co fin de dar a coñecer as posibilidades laborais e de contratación, así como os postos solicitados e as súas características realizarase unha xornada informativa o vindeiro día 10 as 10 da mañá non Salón de Actos do Edificio Administrativo CERSIA (Avda Alcalde Raimundo Lopez Pol S/N)
Para poder participar, e debido ao aforo limitado, as persoas interesadas deberán inscribirse a través dá páxina da Axencia Local de Colocación www.axencialocaldecolocacion.org no apartado formación.

**Data**: 13 de Novembro de 2014
**Hora**: 16:00 a 17:00 h.
**Lugar**: Salón de Actos do Edificio Administrativo CERSIA (Avda. Alcalde Raimundo López Pol s/n, San Lázaro)
**Teléfono**: 981 543 060

## AXUDAS MUNICIPAIS PARA A CREACIÓN DE EMPREGO. CONCELLO DE BOIMORTO

### SUBVENCIÓN PARA NOVOS PROXECTOS EMPRESARIAIS EN BOIMORTO.

- Desenvolver a súa actividade empresarial no Concello de Boimorto.
- Estar en situación de desemprego no momento de alta no R.E.T.A. ou réxime similar.
- Estar dado de alta no R.E.T.A. a partir do 01/11/2013 ata o 01/11/2014.
- Empresas de nova creación
- Presentación dun proxecto empresarial viable técnica, económica y financieramente.
- Non foran traballadores autónomos nos seis meses anteriores á data de inicio da nova actividade.
- Ver máis requisitos no BOP de data 22/08/2014.

Contía: axudas a fondo perdido para subvencionar a cota correspondente ao réxime especial de traballadores autónomos, calquera outro réxime especial por conta propia da seguridade social, ou mutualidade de colexio profesional. Máximo **3.000 Euros**.

### SUBVENCIÓN PARA CONTRATACIÓN DE DESEMPREGADOS

- Empresas privadas que teñan contratado a persoas desempregadas residentes en Boimorto ou que estean inscritas na Bolsa Municipal de Emprego do Concello de Boimorto, como mínimo durante 6 meses.

Contía:
- Desempregado/a entre 18-30 anos: **960 Euros** pola contratación dun ano.
- Desempregado/a entre 30-45 anos: **720 Euros** pola contratación dun ano.
- Desempregado/a entre 45-365anos: **600 Euros** pola contratación dun ano.

**Prazo** para solicitude: 01 de Decembro do 2014.
Máis información: http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2014/08/22/2014_0000009068.html

**Servicio de Información, Orientación e Prospección de Emprego.**
**Agrupación dos Concellos de Boimorto, Arzúa e Santiso.**
Rúa Vilanova, 1 15816 Boimorto (A Coruña). 981516020
cristina.tato@boimorto.es